

# IX Festival internacional de música de órgano do Corpus Christi



7 - 16 de xuño 2023

**Mércores 7 de xuño 2023, 21.00 h** » Catedral de Santa María

*Diálogo de dous órganos*

**Gabriele Giacomelli (Italia), órgano**  
**Enrico Viccardi (Italia), órgano**

**Sábado 10 de xuño 2023, 21.00 h** » Igrexa de Santiago A Nova

*Homenaxe a Max Reger*

**Ivan Vukcević (Australia), viola**  
**Giulio Mercati (Italia), órgano**

**Luns 12 de xuño 2023, 21.00 h** » Catedral de Santa María

*The trumpet shall sound*

**Benjamín Blanes Jover (España), trompeta**  
**Norbert Itrich (España), órgano**

**Martes 13 de xuño 2023, 21.00 h** » Igrexa de San Pedro

*Membra Jesu nostri*

**Concentus Angelorum (Suíza)**

Ekaterina Valiulina, violín

Hans Liviabella, violín

Felix Vogelsang, violonchelo

**Concentus Lucensis**

Lidia Basterretxea Vila e Esperanza Iglesias, soprano I

Marina Malavasi e Paloma Suanzes, soprano II

Daniela Maso, Carmen Prendes e Paolo Alberti, alto

Mauro Canali e Fernando G. Jácome, tenor

Moreno Deservi, Antón Castro e Marcos Mosquera, baixo

**Nicolás Varela (España), órgano**

**Giulio Mercati (Italia), dirección**

**Venres 16 de xuño 2023, 21.00 h** » Catedral de Santa María

*Tesouros do Arquivo da Catedral*

**Mateusz Rzewuski (Polonia), órgano**

**Solo Voces (España)**

**Fernando G. Jácome, dirección**

## IX Festival internacional de música de órgano do Corpus Christi

«O Festival internacional de Órgano do Corpus Christi», ten como obxectivo principal solemnizar a festa do Corpus Christi, que se celebra en Lugo de modo singular. Nesta cidade e na súa Diocese, parte determinante do Camiño de Santiago, a fe é comprendida e profesada dende fai moitos séculos a partir do sacramento do Corpo e do Sangue de Cristo, da súa Presenza permanente entre nós. Este saber da entrega amorosa do Señor, totalmente real na Eucaristía, é seguramente a herdanza primeira deixada entre nós polo Apóstolo. Na música sacra, interpretada ao órgano, resoará a beleza desta Presenza plena, percibida e expresada por artistas ao longo de séculos, e axudarásenos a introducirnos na anchura e a profundidade deste milagre singular do amor, en

que se xuntan xa nesta terra Deus e o home. Pois «a música, verdadeira linguaxe universal da beleza, é capaz de unir aos homes de boa vontade e de invitalos a levantar a mirada cara ao Alto abríndose ao Ben e á Beleza absolutas, que teñen como última fonte Deus mesmo» (Benedito XVI). Este Festival lucense inclúese nunha rede de festivais internacionais de música sacra, denominada «A música do Peregrino», que serán celebrados en Lugano e Morbio Inferiore (Suíza), Milán e Saronno (Italia). Todos teñen como vínculo común o Camiño de Santiago, singular vía europea de comunicación do anuncio apostólico, e a expresión sensible desta fe grazas á música de órgano e ás riquezas artísticas das distintas Igrexas e Basílicas.

Alfonso Carrasco Bispo de Lugo

**Mércores 7 de xuño 2023, 21.00 h**

Catedral de Santa María

*Diálogo de dous órganos*

**Gabriele Giacomelli (Italia), órgano**

**Enrico Viccardi (Italia), órgano**

**Aurelio Bonelli (s. XVI-XVII)**

Tocata Athalanta

A dous órganos

**Domenico Zipoli (1688-1726)**

Folías (arquivo musical de Chiquitos, Bolivia)

Gabriele Giacomelli

**Alessandro Scarlatti (1660-1725)**

Partite sobre a aria da Folía

Enrico Viccardi

**Padre Antoni Soler (1729-1783)**

Concerto en La menor

Andante, Allegro, Tempo de Minueto

A dous órganos

**Domenico Scarlatti (1685-1757)**

Sonata en Fa menor K 466

Sonata en Do maior K 515

Gabriele Giacomelli

**Domenico Zipoli (1688-1726)**

Elevación en Do maior

Enrico Viccardi

**Giovanni Bernardo Zucchinetti (1730-1801)**

Concerto en Si bemol maior

Spiritoso, Allegro

A dous órganos

A Tocata Athalanta do boloñés Aurelio Bonelli é un exemplo clásico dunha peza para dous órganos composta ao estilo da época: xogos de ecos e breves sucesións de acordes dan a sensación de espazo acústico, evitando superposicións e texturas demasiado complexas.

Domenico Zipoli foi un dos máis importantes autores de música para órgano e clavecín do Barroco italiano. Nado en Prato, preto de Florencia, foi xesuíta e misioneiro en América do Sur, onde se estableceu na cidade de Córdoba, agora pertencente á Arxentina, e onde faleceu. Foi tan apreciado como profesor de música dos hispanoamericanos e nativos americanos que as súas composicións foron difundidas e interpretadas en todas partes. Moitas delas foron redescubertas nas reducións xesuítas latinoamericanas, como as Folías no programa, danza que revela unha conexión evidente co folclore ibérico.

O palermitano Alessandro Scarlatti foi un dos máis grandes compositores do final do Barroco italiano. Autor de dúzias de obras teatrais, tamén foi clavecinista e organista. As súas Partite (é dicir, variacións) sobre a aria da Folía (mesma danza popular ibérica que escoitamos na peza anterior) son unha obra mestra de virtuosismo ao teclado.

Antoni Soler é un eminente compositor e organista catalán, alumno, entre outros, de

Domenico Scarlatti. É autor de sonatas e concertos moi interesantes para os instrumentos de teclado. O concerto no programa é un dos máis fermosos e orixinais, e contén pegadas de ritmos e motivos do folclore musical español.

Domenico Scarlatti, fillo de Alessandro, foi o autor máis prolífico de sonatas de clavecín do setecentos, tendo composto máis de quíntas cincuenta. Dende o seu Nápoles natal trasladouse en primeiro lugar a Portugal, á corte real, onde chegou a ser mestre de música da princesa María Bárbara. Sucesivamente, cando a princesa casou co herdeiro ao trono de España, chegou a Madrid. As sonatas de Scarlatti son unha obra mestra de frescura e orixinalidade. A sonata K 466 é dolorosa e triste, mentres que a K 515 é rica de espírito e contén animados ritmos populares.

A Elevación en Do maior de Zipoli é unha espléndida peza meditativa composta polo mestre toscano para o cume da celebración eucarística durante a súa estancia en Roma como organista da igrexa do Xesús.

Non se sabe moito da vida do lombardo Giovanni Bernardo Zucchinetti, que foi organista da catedral de Milán durante algúns anos. O seu concerto distínguese polo intenso e elegante diálogo entre os dous órganos, o cal se desenvolve nun estilo plenamente galante.



## Gabriele Giacomelli


órgano

Organista italiano e musicólogo, graduouse con honores en piano e órgano polo Conservatorio L. Cherubini de Florencia. Posteriormente completou os seus estudos con S. Innocenti e realizou cursos de interpretación musical con L. F. Tagliavini, M. Radulescu e H. Vogel. Obtivo a súa licenciatura en Historia da Música na Universidade de Florencia. Realizou concertos en Europa (Austria, Bélxica, Dinamarca, Francia, Alemaña, Reino Unido, Italia, Países Baixos, Polonia, Rusia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Suecia e Suíza), EUA e América do Sur convidado por asociacións e institucións como: Festival de órgano Oudekerk en Ámsterdam, Festival de órgano en Flandres, Great Philharmonic Hall en San Petersburgo, Tretjakovskaja Galereja en Moscova, Festival de órgano St. Johannes en Copenhagen, Festival de órgano en St. Jacobskyrkan e na catedral Storkyrkan en Estocolmo, Festival de órgano da catedral de Winchester, Festival de órgano da catedral de Dijon, Festival de órgano da catedral de Ljubljana, Concertos de órgano da Sinagoga Central en Nova York, Festival Internacional de Órgano de Xetafe, Festival Internacional de Órgano do Uruguai ou o Festival do Barroco

Latinoamericano na Catedral de Cuzco, Perú. Gravou dous CD (Elegia Records) dedicados a Domenico Zipoli (cinco estrelas en Amadeus) e un CD (Tactus) titulado Organ Music in Florence from the Medici to Italy's Unification (cinco estrelas en Amadeus, catro estrelas da revista británica Choir&Organ). Os seus artigos (sobre Cherubini, Frescobaldi, G. B. Martini, Merulo, Orlando Lassus, Palestrina...) foron publicados en revistas académicas e en libros editados por Libreria Editrice Vaticana, Olschki ou Yale University Press, entre outras. É autor de tres libros sobre órganos e historia da música sacra na Toscana. É coautor co famoso violinista Salvatore Accardo dos libros Stradivari (Bompiani, 2012), Sulle note di uno Stradivari (Fabbri, 2017) e Effetto Stradivari (Fabbri, 2021). É director artístico dos ciclos de música O flos colende, organizado pola catedral de Florencia dende 1997, e do Festival Zipoli, promovido pola Comune de Prato dende 1998. É supervisor do Ministerio de Cultura italiano para a restauración dos órganos antigos de Florencia e profesor de Historia da Música no Conservatorio G. B. Martini de Boloña.

## Enrico Viccardi

órgano



Nado en Maleo, trasladouse despois duns anos a Codogno, onde aínda reside. Graduouse con honores en órgano e composición no Conservatorio de Piacenza na aula de Giuseppina Perotti, completando os seus estudos con Michael Radulescu na Hochschule für Musik de Viena. Despois seguiron cursos con mestres como E. Fadini, C. Tilney, J. Langlais, D. Roth e en particular os celebrados por L. F. Tagliavini na Academia de Pistoia. A súa carreira de concertista levouno a tocar para festivais e asociacións de prestixio en moitas cidades italianas e no estranxeiro (España, Portugal, Andorra, Francia, Suíza, Austria, Alemaña, Eslovaquia, Eslovenia, Polonia, Suecia, Inglaterra, Casaquistán ou Uruguai). Gravou para Bottega Discantica, Divox Antiqua, Dynamics, DaVinci

Classics, Brilliant (obras completas de Merula e Storace). Para o selo Fugatto comezou a gravación das obras completas de J.S. Bach para órgano, con instrumentos de italianos, antigos e modernos. Impartiu clases maxistras en Italia, España, Portugal, Alemaña, Suecia e Casaquistán. Un ensaio sobre J. S. Bach foi publicado pola Real Academia de Belas Artes de Granada. É profesor dos cursos de órgano do instituto Marc'Antonio Ingegneri de Cremona e presidente da asociación Accademia Maestro Raro en Casalpusterlengo (LO). Director artístico da serie de concertos «Percorsi d'Organo in provincia di Como» e do «Órgano de outono» na provincia de Lodi, é profesor de órgano e composición para órgano no Conservatorio A. Boito en Parma. ([www.enricoviccardi.com](http://www.enricoviccardi.com)).

**Sábado 10 de xuño 2023, 21.00**

Igrexa de Santiago A Nova

### *Homenaxe a Max Reger*

**Ivan Vukcevic (Australia), viola**  
**Giulio Mercati (Italia), órgano**

**Johannes Brahms (1833-1897)**

Preludio e Fuga en La menor, WoO 9  
Para órgano

**Max Reger (1873-1916)**

Ich sehe dich in tausend Bildern, op. 105 n.º 1  
Meine Seele ist still zu Gott, op. 105 n.º 2  
Para viola e órgano

**Max Reger (1873-1916)**

Tocata e Fuga en Sol menor  
Da Suite n.º 2, op. 92  
Para órgano

**Benjamin Britten (1913-1976)**

Lachrimae, op. 48  
Versión para viola e órgano de Giulio Mercati

**Max Reger (1873-1916)**

Introdución e Pasacalle en Re menor, WoO IV/6  
Para órgano

**Lee Bradshaw**

Obra de estrea  
Para viola e órgano

**Sigfrid Karg-Elert (1877-1933)**

Schmücke dich, o liebe Seele; op. 65 n.º 51  
Nun danket alle Gott (Marcha triunfal), op. 65 n.º 59  
Para órgano

O programa deste concerto propón render homenaxe a Max Reger, no 150 aniversario do seu nacemento. Max Reger, bávaro e católico, estudou co musicólogo Hugo Riemann. Despois dun período transcorrido en Múnic, dende 1901 ata 1907, trasladouse a Leipzig en 1911, onde foi profesor de composición no conservatorio e director musical da universidade. A obra de Reger representa ben os rápidos cambios da época. O compositor foi asociado ao grupo dos progresistas neoalemáns, mais hoxe en día considérase entre os músicos da tradición, en contraste coas vangardas vienesas: en realidade a típica característica de Reger é a unión entre progreso e tradición. Os músicos que máis influenciaron o estilo de Reger son Bach, sobre todo nas pezas para órgano; Brahms na música de cámara, pola forma da variación e a música sinfónica; e Wagner, pola harmonía cromática, cara á disolución das relacións tonais. A produción de Reger é enorme: falamos duns mil títulos aproximadamente. O número de opus, 146 en total, é enganoso pois en moitas ocasións un só número contén cincuenta ou máis pezas. As obras de Reger no programa son cinco, os dous lieder op. 105, escritos en 1907, na transcripción para viola e órgano, dous extractos da Segunda Suite para órgano op. 92, obra de 1905, e a Introdución e Pasacalle en Re menor, sen número de opus, composta en Wieden entre o 13 e 19 de outubro de 1899. O concerto inicia cunha obra para órgano dun dos compositores que máis influíron sobre Reger, Johannes Brahms, en particular co Preludio e Fuga en La menor, peza de 1856.

A velada conclúe con dúas corais do músico que tomou o relevo a Reger en Leipzig, Sigfrid Karg-Elert. Autor practicamente descoñecido para os non organistas, Karg-Elert é, non obstante, un compositor importante, non só para o seu instrumento de elección, o órgano, senón tamén para o piano e o harmonio, instrumento no cal Karg-Elert se exhibía en concerto, e que consideraba capaz de reunir as virtudes do órgano e do piano. Estilisticamente a súa obra debe moito a Max Reger, do cal foi sucesor no Conservatorio de Leipzig a partir de 1919, tres anos despois da morte do compositor bávaro. As dúas pezas propostas no programa pertencen ás 66 66 Improvisacións sobre a Coral, op. 65. Esta ambiciosa colección foi composta entre 1906 e 1908: consta de seis volumes de corais, máis ou menos desenvolvidos, pero compostos abarcando todas as festas do ano litúrxico. Completan o programa dúas pezas para viola e órgano. A primeira é obra, magnífica, de Benjamin Britten: trátase de Lachrymae, «Reflexións sobre unha canción de John Dowland». A peza, escrita en 1950 para viola e piano, e sucesivamente transcrita para viola e orquestra de cordas, preséntase hoxe nunha nova versión para viola e órgano. Trátase dunha serie de dez variacións sobre unha famosa canción do compositor isabelino, obra de grande lirismo e ao mesmo tempo rigorosa dende o aspecto compositivo. O programa propón tamén unha peza de estrea absoluta, escrita para a ocasión polo compositor australiano Lee Bradshaw e dedicada ao solista Ivan Vukcevic.



## Ivan Vukčević

viola

Ivan Vukčević, profesor de viola na Academia Internacional de Música Menuhin (dende 2012) e viola principal coa Orchestra della Svizzera italiana (dende 2002), é un emerxente defensor da viola como instrumento solista. Un ávido intérprete do repertorio de viola; Vukčević toca unha rara viola Landolfi de 1753, así como unha moderna viola construída por Bissolotti en 1991. A habilidade de Vukčević para elaborar convincentes interpretacións levoulle a estreitar varias obras novas ademais de tocar as pezas máis destacadas do repertorio. Ivan actuou a nivel internacional por Europa, Australia, América do Norte e Asia, e fixo varias gravacións; unha proba do compromiso de Vukčević de elevar o perfil da viola para a próxima xeración de músicos. En 2008, Vukčević foi un dos membros fundadores do Quartetto Energie Nove con

sede en Lugano (Suíza); un conxunto cunha visión para igualar a da feroz musicalidade de Vukčević, tendo gravadas obras de Prokofiev, Janacek e Smetana para o selo de música Dynamic. Entre os profesores de Vukčević figuran os grandes Alberto Lysy e Johannes Eskaer (Academia Internacional Menuhin), e anteriormente ocupou a cátedra de Viola Principal coas Orquestras Sinfónicas de Stavanger e de Basilea. Tamén tivo cargos de Principal coa Australian Youth Orchestra e Camerata Australia, ademais de ser invitado habitual da Singapore Symphony Orchestra. Vukčević agora é o director artístico do «Mediterranean Notes Music Festival» de Tivat, Montenegro, que atrae a algúns dos mellores solistas e músicos de cámara do mundo e que figura como o máis destacado evento cultural do verán montenegrino.

## Giulio Mercati

órgano



Nado en Saronno (Italia) Giulio Mercati comezou a estudar música aos seis anos da man do seu avó, o mestre Lamberto Torrebruno, membro dunha importante familia de músicos. Posteriormente completou os seus estudos de órgano, composición e clavicémbalo con distinguidos músicos. Giulio Mercati é extremadamente activo e apreciado coma concertista: como solista ao órgano e ao clavicémbalo interpretou en máis de vinte países. Actuou nalgúns das máis prestixiosas salas de concertos e catedrais, dende o Great Concert Hall da Philharmonic Orchestra en San Petersburgo ata a Catedral de San Patricio en Nova York. Tamén é activo como organista e continuísta en importantes formacións, traballando especialmente coa Orchestra della Svizzera Italiana, baixo a batuta de directores coma Alain Lombard, Vladimir Ashkenazy, Juraj Valčuha, Robert Trevino, Alexander Vedernikov, Heinz Holliger, Hubert Soudant, Howard Griffiths, Markus Poschner, Timothy Brock, Pablo González e moitos outros. Foi acompañado por importantes orquestras, tocando concertos para órgano e orquestra —dende Haendel ata Hindemith, Poulenc e Barber— como solista e moitas veces tamén como director. Gravou para a RTSI (Radio da Suíza Italiana), Dynamic-Naxos, Bottega Discantica e Tactus.

É director do Grupo Vocal San Bernardo e organista residente na igrexa de Santa Maria degli Angioli en Lugano e no Santuario della Beata Vergine dei Miracoli en Saronno. En 2019 gravou un CD, adicado completamente ás súas composicións, publicado por Tactus e titulado Giulio Mercati: Interrogatorio a Maria and other sacred works (dispoñible en Amazon, iTunes, Spotify, etc.). En 1996, Giulio Mercati graduouse en Filosofía na Università Cattolica del Sacro Cuore de Milán, cunha tese sobre estética musical. É un apreciado musicólogo e conferenciante. Como musicólogo traballou para o Teatro alla Scala, a Orchestra Verdi, o Festival MiTo, o Festival Milano Musica e outros importantes festivais de música. É director artístico, e incluso creador, de prestixiosos festivais internacionais en Italia, Suíza e España. É profesor de Historia da música sacra na Facultade de Teoloxía de Lugano. É cofundador e director do Curso de Música Litúrxica, organizado pola Diocese de Lugo (España). Nestes meses, dende xullo de 2021, está a preparar a súa tese doutoral en Teoloxía, un estudo sobre o estado do canto litúrxico nas Dioceses de Milán e Lugano, comparado coas ensinanzas do Magisterium e a historia do canto cristián. Dende agosto de 2021 está a cargo dos eventos organizados pola Diocese de Lugo.

**Luns 12 de xuño 2023, 21.00 h**

Catedral de Santa María

*The trumpet shall sound*

**Benjamín Blanes Jover (España), trompeta**

**Norbert Itrich (España), órgano**

**Tomaso Albinoni (1671-1751)**

Concerto para trompeta en Si bemol maior  
Para trompeta e órgano

**Jan Pieterszoon Sweelinck (1562-1621)**

Ballo del granduca  
Para órgano

**Gottfried Heinrich Stölzel (1690-1749)**

Concerto para trompeta en Re maior  
Para trompeta e órgano

**Léon Boëllmann (1862-1897)**

Suite Gótica  
Introdución-Coral, Minueto gótico, Oración á Nosa Señora, Tocata  
Para órgano

**Bach - Vivaldi**

Concerto en Re maior, BWV 972  
Para trompeta e órgano

Sonata para trompeta en Re maior - Henry Purcell 1659-1695

Henry Purcell foi un compositor británico do Barroco e está considerado como o mellor compositor inglés de tódolos tempos. O catálogo de Henry Purcell inclúe oitocentas sesenta obras, das que hoxe escoitaremos a Sonata para trompeta en re maior composta por tres movementos:

- I) Allegro
- II) Adagio
- III) Allegro

Ballo del granduca - Jan Pieterzoon Sweelinck 1562-1621

Jan Peterzon Sweelinck - compositor, organista e docente holandés. A súa obra esténdese entre finais do Renacemento e do Barroco temperán. É un dos primeiros grandes compositores de obras europeas para teclado, e como profesor axudou a consolidar a tradición do órgano a norte de Alemaña.

Sweelinck era un gran improvisador, e os seus contemporáneos deron en chamalo o «Orfeo de Ámsterdam». Representa o cénit da escola holandesa de instrumentos de teclado e un dos grandes cumes da complexidade e refinamento do contrapunto do inicio do barroco. Chegaron aos nosos tempos máis de duascientas cincuenta obras vocais e máis de setenta para teclado, das que hoxe escoitaremos Ballo del Granduca, unha composición baseada no tema dunha danza de 1589 titulada «Oche nuovo miracolo». O tema da composición, máis tarde coñecido como «Aria di Florenza» ou «Ballo del Granduca», gañou rapidamente popularidade e converteuse na base de polo menos outras cento cincuenta cancións.

- I) Tema e primeira variación
- II) Segunda variación
- III) Terceira variación
- IV) Cuarta variación

Concerto para trompeta en Re maior - Gottfried Heinrich Stölzel 1690-1749

Estudante de teoloxía e música en Leipzig, Wroclaw e Halle. En 1713 trasladouse a Italia para familiarizarse coas últimas tendencias musicais. Durante esta estada coñeceu a Antonio Vivaldi en Venecia. Antes do seu nomeamento ata a súa morte en Gotha, visitou e traballou varios anos en Praga, en Bayeroth e en Gera.

- I) Allegro
- II) Adagio
- III) Allegro

Suite Gótica - Leon Boellmann 1862-1897

Fillo dun boticario rural, aos nove anos foi aceptado polo seu talento musical na Ecole Niedereyer de París dedicada ao ensino da música sacra.

En 1881 foi nomeado organista da igrexa de San Vicente de Paul. Boellmann publicou sesenta e cinco obras, entre as que hai que destacar a Suite Gótica que hoxe escoitaremos, que foi composta en 1895.

- I) Introdución - Coral
- II) Minueto gótico
- III) Oración á Nosa Señora
- IV) Tocata

Concerto en Re maior - Bach - Vivaldi BWV 972  
Para rematar o concerto de hoxe escoitaremos unha obra composta orixinalmente por Antonio Vivaldi (RV 230) como concerto para violín e orquestra. Durante séculos, moitos compositores optaron por facer transcricións, o que ocorreu con Johann Sebastian Bach, quen reescribe o concerto co número de catálogo BWV 972. Hoxe escoitaremos unha adaptación para trompeta e órgano.

- I) Allegro
- II) Adagio
- III) Allegro



## Benjamín Blanes Jover

trompeta

Naceu en Corbera (Valencia) onde comezou a estudar na Escola de Música do Ateneo Musical «La Lira». Despois vai ao Conservatorio Profesional de Música de Cullera (Valencia), co profesor D. Ricardo Soldado Peris, finalizando esta etapa co Premio Extraordinario de Fin de Grao. Máis tarde, entra ao Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e Conservatorio Superior de Música «Joaquín Rodrigo» de Valencia, estudando co mestre D. José M<sup>a</sup> Ortí. Colabora coa Orquestra Nacional de España, O. Sinfónica de Madrid, O. Sinfónica de Castela e León, O. Sinfónica do Principado de Asturias, Oviedo Filharmonía, O. Filharmonía de España, O. de Estremadura, O. Filharmónica de Málaga, O. Académica de Madrid. Cabe tamén destacar a súa asidua colaboración coa Banda Sinfónica Municipal de Madrid.

En 2004 ingresou na Orquestra-Escola Sinfónica de Madrid e, o mesmo ano, na Xove Orquestra da Generalitat Valenciana. En 2005 realizou unha xira por México coa Orquestra Sinfónica de Yucatán e co quinteto de metais

«Ensamble 40<sup>a</sup>», participando no «Festival Cervantino» de Guanajuato. En 2006 realizou unha xira coa Orquestra Xuvenil da Academia da Orquestra Nacional de Lyon, por Francia e España. En 2012 realiza unha xira por Brasil coa OAM.

Foi dirixido por mestres como Rafael Frühbeck de Burgos, Jesús López Cobos, Josep Pons, George Pehlivanian, Josep Pons, Pinchas Steinberg, Victor Pablo Pérez, Manuel Galduf, Alejandro Posada, Pascual Osa, Enrique García Asensio, Cristóbal Soler, Aldo. Ceccato, Vasily Petrenko e gravou o programa de TVE «El Concierto», dirixido por Fernando Argenta.

Estudou con Maurice André, José M<sup>a</sup> Ortí, Ricardo Soldado, Roberto Bodí, Max Sommerhalder, Antonio Cambres, Vicente Martínez, Bo Nilson, etcétera. É membro fundador do quinteto de metais «Brass in Black», actuando en RNE - Radio Clásica. Actualmente é Trompeta Principal da Banda Municipal de Música de Santander (Cantabria) e membro fundador do quinteto de metais «CantaBrass».

## Norbert Itrich Prella

órgano



Nado en Polonia, realizou estudos de órgano e saxofón. É Organista e Profesor de Órgano na especialidade de litúrxica, títulos obtidos coa cualificación de sobresáinte, pola Escola Episcopal de Órganos de Pelplin (Polonia, 1993). É profesor de saxofón no Conservatorio de Música Grudziadz (Polonia, 1994). Posteriormente sigue completando a súa formación e experiencia como organista co profesor Esteban Landart no Conservatorio Superior de Música de San Sebastián, Musikene, e no Conservatorio Superior de Bydgoszcz (Polonia), co profesor Radoslaw Marzec. Dende 2002 reside en España, onde ofrece regularmente concertos de órgano e saxofón. Ademais, o mestre Prella é convidado

regularmente a dar recitais de órgano en festivais nacionais e internacionais de Polonia, Noruega, Alemaña, Baleares e Italia. O seu repertorio abrangue dende o barroco ata obras de compositores contemporáneos. Ademais, é un destacado e prestixioso experto en improvisación. Durante todos estes anos, é organista de Los Corrales de Buelna (2002) e organista titular da Catedral de Santander (2004) así como autor e arquitecto do proxecto de construción dos tres novos órganos da Catedral de Santander. É autor de varios CD, Director Artístico do Festival Internacional de Música de Órgano Barroco «Las Merindades» e Director Artístico do Festival Internacional de Música de Órgano San Vicente Mártir.



**Martes 13 de xuño 2023, 21.00 h**

Igrexa de San Pedro

*Membra Jesu nostri*

**Concentus Angelorum (Suíza)**

Ekaterina Valiulina, violín

Hans Liviabella, violín

Felix Vogelsang, violonchelo

**Concentus Lucensis**

Lidia Basterretxea Vila e Esperanza Iglesias, soprano I

Marina Malavasi e Paloma Suanzes, soprano II

Daniela Maso, Carmen Prendes e Paolo Alberti, alto

Mauro Canali e Fernando G. Jácome, tenor

Moreno Deservi, Antón Castro e Marcos Mosquera, baixo

**Nicolás Varela (España), órgano**

**Giulio Mercati (Italia), dirección**

**Dietrich Buxtehude (1637-1707)**

**Membra Iesu nostri patientis sanctissima, BuxWV 75 (1680)**

**Para solistas, coro (SSATB), dous violíns, violonchelo e órgano**

**I. Ad pedes**

**II. Ad genua**

**III. Ad manus**

**IV. Ad latus**

**V. Ad pectus**

**VI. Ad cor**

**VII. Ad faciem**

Obra mestra da música vocal de Dietrich Buxtehude, *Membra Jesu nostri* é un ciclo refinado e conmovedor de sete cantatas que invita a meditar sobre Cristo crucificado, cunha mirada que ascende desde os pés ata o rostro. A cada parte do corpo corresponde unha cantata: pés, xeonllos, mans, costas, peito, corazón e rostro. Lonxe de ser unha meditación lúgubre, como parece suxerir o título, é en realidade unha narración musical de rara beleza e harmonía que renuncia á intensidade dramática, configurando intimamente o sufrimento a través de sons tranquilos e mesurados. Os textos pertencen a unha oración medieval coñecida en tempos de Buxtehude como «Domini Bernhardi Oratio Rhythmica» e considerada obra de San Bernardo de Clairvaux, mais atribuída hoxe a Arnolfo de Lovanio (aprox. 1250). O

texto latino foi publicado en Hamburgo en 1633 e readaptado polo propio Buxtehude para ser proposto na forma da cantata luterana en voga naquela época: sonata instrumental, coro e lied estrófico asignado aos solistas con retrouso instrumental. O compositor seleccionou tres estrofas (entre as dez orixinais) para cada lied e engadiu os versos bíblicos como introdución a cada unha das cantatas, asignando esta parte ao coro. O ciclo realizouse principalmente como Passionsmusik durante a Semana Santa, aínda que os versos bíblicos que comentan cada unha das partes do corpo de Cristo poderían adaptarse a outros requisitos litúrxicos. A primeira cantata, por exemplo, está marcada «para o tempo de Pascua e para calquera tempo», e só a sexta, *Ad cor*, foi escrita explicitamente para a Paixón.

I. Ad pedes

1. **Sonata** (2vl, vc, bc)

2. **Concerto** (SSATB)

Ecce super montes pedes evangelizantis  
et annunciantis pacem (Naum, 2, 1)

3. **Aria** (S)

Salve mundi salutare,  
salve, salve Jesu care!  
Cruci tuae me aptare  
vellem vere, tu scis quare,  
da mihi tui copiam.

4. **Aria** (S)

Clavos pedum, plagas duras,  
et tam graves impressuras  
circumplector cum affectu,  
tuo pavens in aspectu,  
tuorum memor vulnerum.

5. **Aria** (B)

Dulcis Jesu, pie Deus,  
Ad te clamo licet reus:  
praebe mihi te benignum,  
ne repellas me indignum  
de tuis sanctis pedibus.

6. **Concerto** (SSATB)

Ecce super montes...  
Salve mundi salutare...

II. Ad genua

1. **Sonata** (2vl, vc, bc)

2. **Concerto** (SSATB)

Ad ubera portabimini,  
et super genua blandicentur vobis (Is. 66, 12)

3. **Aria** (T)

Salve Jesu, rex sanctorum,  
spes votiva peccatorum,  
cruce ligno tamquam reus,  
pendens homo verus Deus,  
caducis nutans genibus.

I. Aos Pés

Vede alí, nas montañas, os pés de quen trae a  
boa nova e anuncia a paz.

Saúdote, protector do mundo  
Saúdote, querido Xesús!  
Atarme á túa cruz  
quereríao, xa sabes por que.  
concédeme o teu favor.

Os cravos dos teus pés, as graves feridas  
e esas marcas tan profundas  
abrázoos con afecto,  
tremendo ao contemplar o teu aspecto,  
pensando nas túas feridas.

Doce Xesús, Deus misericordioso,  
son culpable, mais clamo por ti.  
sé amable comigo;  
non rexeites este indigno  
dos teus santos pés.

Vede alí, sobre as montañas...  
Saúdote, protector do mundo...

II. Aos Xeonllos

Aos seus peitos seredes levados  
e seredes mimados sobre os seus xeonllos.

Saúdote Xesús, rei dos santos  
esperanza prometida dos pecadores.  
Da madeira da cruz, coma un prisioneiro,  
colga o home que é Deus verdadeiro,  
cos xeonllos dobrados.

4. **Aria** (A)

Quid sum tibi responsurus,  
actu vilis corde durus?  
Quid rependam amatori,  
qui elegit pro me mori,  
ne dupla morte morerer?

5. **Aria** (SSB)

Ut te quaeram mente pura,  
sit haec mea prima cura.  
Non est labor et gravabor,  
sed sanabor et mundabor,  
cum te complexus fuero.

6. **Concerto** (SSATB)

Ad ubera portabimini...

III. Ad manus

1. **Sonata** (2vl, vc, bc)

2. **Concerto** (SSATB)

Quid sunt plagae istae  
in medio manuum tuarum? (Zc, 13,6)

3. **Aria** (S)

Salve Jesu, pastor bone,  
fatigatus in agone,  
qui per lignum es distractus  
et ad lignum es compactus  
expansis sanctis manibus.

4. **Aria** (S)

Manus sanctae, vos amplector,  
et gemendo condelector,  
grates ago plagis tantis,  
clavis duris, guttis sanctis  
dans lacrymas cum oculis.

5. **Aria** (ATB)

In cruore tuo lotum  
me commendo tibi totum,  
tuae sanctae manus istae  
me defendant, Jesu Christe,  
extremis in periculis.

6. **Concerto** (SSATB)

Quid sunt plagae istae...

Quen son eu para presentarme a ti,  
vil nas miñas accións e duro no meu corazón?  
Como podo pagarche por ese amor  
polo que escolliches morrer por min,  
para que eu non morra unha dobre morte?

Buscarte con pureza de espírito,  
sexa o meu maior desexo.  
Non tería sido traballo nin carga,  
senón curación e purificación,  
cando por fin te abrace.

Aos seus peitos seredes levados...

III. Ás Mans

Que feridas son estas,  
en medio das túas mans?

Saúdote, Xesús, bo pastor,  
fatigado na loita,  
desconxuntado polo madeiro  
e ao madeiro cravado  
coas túas santas mans estendidas.

Santas mans, eu abrázovos,  
e xemendo, con vós me deleito.  
Grazas dou ás numerosas feridas,  
aos duros cravos e á santa sangue  
derramando lágrimas dos meus ollos.

Lavado na túa sangue  
encoméndome por inteiro a ti.  
Que as túas mans santas  
me defendan, Xesucristo,  
cando ao final sexa posto a proba.

Que feridas son estas...

IV. Ad latus

1. **Sonata** (2vl, vc, bc)

2. **Concerto** (SSATB)

Surge, amica mea,  
speciosa mea, et veni,  
columba mea in foraminibus petrae,  
in caverna maceriae (Ct. 2, 13b---14a)

3. **Aria** (S)

Salve latus Salvatoris,  
in quo latet mel dulcoris,  
in quo patet vis amoris  
ex quo scatet fons cruoris,  
qui corda lavat sordida.

4. **Aria** (ATB)

Ecce tibi appropinquo,  
parce, Jesu, si delinquo,  
verecunda quidem fronte,  
ad te tamen veni sponte  
scrutari tua vulnera.

5. **Aria** (S)

Hora mortis meus flatus  
intret Jesu, tuum latus,  
hinc expirans in te vadat,  
ne hunc leo trux invadat,  
sed apud te permaneat.

6. **Concerto** (SSATB)

Surge amica mea...

V. Ad pectus

1. **Sonata** (2vl, vc, bc)

2. **Concerto** (ATB)

Sicut modo geniti infantes rationabiles,  
et sine dolo [lac] concupiscite,  
ut in eo crescatis in salutem:  
si tamen gustastis,  
quoniam dulcis est Dominus.  
(1 Pt, 2,2)

IV. Ás Costas

Érguete, miña compañeira, miña fermosa, e ven,  
miña pomba, que agochas  
nas fendas das rochas,  
en cantis distantes.

Saúdvos, costas do Salvador,  
onde se agocha a dozura do mel,  
onde se manifesta a forza do amor,  
da que mana unha fonte de sangue  
que limpa os corazóns impuros.

Aquí estou, achegándome a ti.  
Perdóame, Xesús, se fixen mal.  
Con moita vergoña no meu rostro,  
Veño a ti pola miña propia vontade  
para observar as túas feridas

Que na hora final a miña alma  
entre, Xesús, nas túas costas.  
E así, cando expirar, vaia a ti,  
para que o león feroz non a ataque,  
senón que permaneza ao teu carón.

Érguete, miña compañeira...

V. Ao Peito

Facede coma os recién nados  
e ansiade con mesura e sen mala intención  
para que así crezades na salvación.  
Pois xa tedes experimentado  
Como de doce é o Señor.

3. **Aria** (A)

Salve, salus mea, Deus,  
Jesu dulcis, amor meus,  
salve, pectus reverendum,  
cum tremore contingendum,  
amoris domicilium.

4. **Aria** (T)

Pectus mihi confer mundum,  
ardens, pium, gemebundum,  
voluntatem abnegatam,  
tibi semper conformatam,  
iuncta virtutum copia.

5. **Aria** (B)

Ave verum templum Dei,  
precor miserere mei:  
tu totius arca boni,  
fac electis me apponi,  
vas dives, Deus omnium.

6. **Concerto** (ATB)

Sicut modo geniti...

VI. Ad cor

1. **Sonata** (2vl, vc, bc)

2. **Concerto** (SSB)

Vulnerasti cor meum, soror mea, sponsa,  
vulnerasti cor meum. (Ct 4,9)

3. **Aria** (S)

Summi regis cor, aveto,  
te saluto corde laeto,  
te complecti me delectat  
et hoc meum cor affectat,  
ut ad te loquar, animes.

4. **Aria** (S)

Per medullam cordis mei,  
peccatoris atque rei,  
tuus amor transferatur,  
quo cor tuum rapiatur  
languens amoris vulnere.

Saúdote, Deus, miña salvación,  
Doce Xesús, amor meu.  
Saúdote, venerable peito  
que só tremendo pode tocar,  
morada de amor.

Concédeme un peito puro,  
ardente, pío, suspirante,  
con vontade abnegada,  
que sinta sempre coma o teu,  
con abundancia de toda virtude.

Salve, verdadeiro santuario de Deus,  
ten piedade de min:  
ti, altar de todo ben,  
cóntame entre os teus escollidos,  
receptáculo divino, Deus de todas as cousas.

Facede coma os recién nados...

VI. Ao Corazón

Feríchesme o corazón  
miña irmá, esposa.

Salve, corazón do sumo Rei,  
Saúdote co corazón feliz.  
Abrazarte deléitame  
e inspira o meu corazón,  
pois animalo a falarche.

Que polo máis íntimo do meu corazón,  
pecador e culpable, corre o teu amor,  
ese amor que roubou o teu corazón,  
que esmorece  
ferido de amor.

### 5. **Aria** (B)

Viva cordis voce clamo,  
dulce cor, te namque amo,  
ad cor meum inclinare,  
ut se possit applicare  
devoto tibi pectore.

### 6. **Concerto** (SSB)

Vulnerasti cor meum...

VII. Ad faciem

#### 1. **Sonata** (2vl, vc, bc)

#### 2. **Concerto** (SSATB)

Illustra faciem tuam super servum tuum,  
salvum me fac in misericordia tua (Ps. 31[30], 17).

#### 3. **Aria** (ATB)

Salve, caput cruentatum,  
totum spinis coronatum,  
conquassatum, vulneratum,  
arundine verberatum  
facie sputis illita.

#### 4. **Aria** (A)

Dum me mori est necesse,  
noli mihi tunc deesse,  
in tremenda mortis hora  
veni, Jesu, absque mora,  
tuere me et libera.

#### 5. **Aria** (SSATB)

Cum me jubes emigrare,  
Jesu care, tunc appare,  
o amator amplexende,  
temet ipsum tunc ostende  
in cruce saluifera.

#### 6. **Concerto** (SSATB)

Amen.

Berro coa viva voz do meu corazón,  
oh, doce corazón, porque te amo,  
volve ao meu corazón  
para que poida achegarse  
con devoción contra o teu peito.

Feríchesme o corazón...

VII. Ao Rostro

Fai que o teu rostro brille sobre o teu servo.  
Sálvame pola túa misericordia.

Salve, cabeza ensanguentada,  
coroado enteiramente de espiñas,  
golpeado, ferido,  
azoutado pola vara  
e co rostro cuberto de cuspe.

Xa que teño que morrer  
non me deixes entón  
na terrible hora da morte.  
Ven, Xesús, sen demora  
protéxeme e faime libre.

Cando me ordenes marchar  
Querido Xesús, aparece entón,  
oh, amante que abrazarei,  
entón móstrate diante de min  
sobre a cruz que leva a salvación.

Así sexa.

# Ekaterina Valiulina

violín



Ekaterina Valiulina naceu en Siberia e estudou na clase de Eduard Grach no Conservatorio de Moscova e co violinista Sergey Krylov no Conservatorio della Svizzera Italiana de Lugano, onde foi seleccionada nun mestrado de interpretación especializada. Tamén é gañadora de varios concursos internacionais en Italia (Lipizer), Croacia (Vaclav Huml), Rusia (Yampolsky), Alemaña, Romanía e Casaquistán. Ekaterina Valiulina foi invitada a dar concertos como solista en salas de prestixio, como a Sala de Concertos da Filharmónica Tchaikovsky e a Gran Sala do Conservatorio de Moscova, o Auditorio Giovanni Arvedi - Museo do violín de Cremona, en Cremona, o LAC - Lugano Arte e Cultura e no Auditorio della Radio Svizzera Italiana, na Ópera de Reims, no Palazzo Tursi de Xénova, e tamén en moitos festivais («Ceresio Estate» en Suíza, «Unione Musicale» en Turín, Festival Internacional de Música de Cámara de Roma, Festival Internacional de Música de Cámara de Elba, Jeunes Talents de París, entre outros). Actuou con músicos e directores como Shlomo Mintz, Tony Walters, Sergey Krylov, Alexandr Vedernikov, Nicolas Krauze, Constantin Adrian Grigore, Danilo Rossi, Alexandar Madzar, Ing-

mar Lazar, Yuval Gotlibovich, Andrea Raffanini e con orquestras como a Filharmónica Nacional de Rusia, a Orquestra Sinfónica de Vigevano, a Orquestra Sinfónica Estatal de Sibiu, a Orquestra de Radio e Televisión de Croacia, a Orquestra de Cámara Lituana, a Orquestra de Cámara de Silesia e a Orquestra della Svizzera Italiana. En 2015 gravou o DVD «The Golden Twenties of the Violin» con obras de Ravel, Ysaye e Stravinski. Tocou na Radio France Musique co pianista Ingmar Lazar e gañou o Concurso Internacional de Arpa (Saluzzo, Italia) no grupo de música de cámara coa arpista Elisa Netzer, coa que debutou en LAC - Lugano Concert Hall e foi convidada a dar concertos en moitos festivais de Italia e Suíza. Recentemente tamén apareceu no documental producido pola RTSI (TV Nacional Suíza), «Il futuro della memoria», actuando nun concerto en Cremona co violín «Vesuvio» de Antonio Stradivari. Despois dun concerto en Xenebra, a súa actuación foi descrita como «impulsada pola esencia pura da música e presentada cunha precisión extrema e unha sutil comprensión das obras musicais» (L'Abri). Ekaterina toca o Nicola Bergonzi 1793, cedido xenerosamente polos raros violíns de Montecarlo.



## Hans Liviabella

violín

Nado en Turín, Hans Liviabella procede dunha familia de músicos. O seu tataravó foi alumno de Rossini, o seu bisavó mestre de capela, o seu avó compositor e o seu pai violista co que comezou os seus estudos de violín aos catro anos. Licenciouse en interpretación de violín no Conservatorio G. Verdi de Milán baixo a dirección de Christine Anderson. Continuou os seus estudos con Salvatore Accardo na Accademia W. Stauffer de Cremona e con Dora Schwarzberg na Musikhochschule de Viena. Durante os seus estudos con esta última, foi elixido entre os mellores estudantes da súa xeración para actuar nun concerto de radiodifusión en directo en Moscova dedicado á memoria do famoso pedagogo ruso Yankelevich. Despois de ser escoitado por Gidon Kremer, recomendáronlle continuar a súa educación con Maya Glesarova en Moscova. A súa formación tamén incluíu estudos con Stefan Gheorghiu, Franco Gulli e o Trio di Trieste cunha beca da Asociación DeSono (Turín, Italia). Hans Liviabella é membro da Orquestra de Cámara

de Europa coa que leva tocando dende 1992. Foi convidado por Claudio Abbado para tocar coa Orquestra do Festival de Lucerna e coa Orquestra Mozart de Boloña. Tamén colaborou como director coa Filarmonica della Scala e a Mahler Chamber Orchestra. É o primeiro violín do Quartetto Energie Nove, conxunto que colabora habitualmente, entre outros, con A. Lonquich, I. Pogorelich, V. Mendelssohn e J. Rachlin. O cuarteto apareceu en numerosas emisións de radio e televisión na RTSI (TV Nacional Suíza) e realiza habitualmente gravacións para o selo discográfico Dynamic. Hans é o segundo violín principal da Orchestra della Svizzera italiana con quen tamén actúa habitualmente como solista. As últimas actuacións inclúen o Concerto para violín de Prokofiev con Alain Lombard e as gravacións dos concertos de Joseph Boulogne Chevalier de St. Georges (op. 7 n.º 2, estrea mundial), A. Casella, Lino Liviabella e G. F. Malipiero para a discográfica Forlane. Hans Liviabella toca violíns de A. Stradivari «O Saville» (1680) e G. Cappa (1702).

## Felix Vogelsang

violonchelo



Nado en 1975 en Paderborn (Alemaña), estudou co mestre Wick na renomeada Universidade de Música de Hannover. Sobresaiu na súa titulación de solista co summa cum laude. Un programa xunto cunha beca do estado de Niedersachsen permitiulle traballar como asistente do mestre Wick durante tres anos. Logo de gañar experiencia orquestral na European Union Youth Orchestra, na Detmolder Kammerorchester e na Radiophilharmonie des NDR de Hannover, recibiu apoio para realizar proxectos como solista ademais dos seus abundantes compromisos como músico de cámara xunto a artistas como Mstislav Rostropovich, Anner Bylisma, Boris Pergamenschikov e Sir Colin Davis. A súa carreira levouno por toda Europa, Chile, Sudáfrica e Estados Unidos, onde realizou o seu debut na cidade de Nova York en 2002 co pianista Christopher Cooley no Alice Tully Hall. Na primavera de 2005 tocou como solista coa Deutsches Kammerorchester na Philharmonie de Berlín baixo a batuta de Markus Poschner. É convidado regularmente a festivais coma o Festival Braunschweig Classic, o Vinschgauer Musikwochen, o Festival de Chaillol ou o Ceresio Estate, entre outros. Felix Vogelsang foi galardoado na Competi-

ción Internacional D. Shostakovich (terceiro premio), na Competición Internacional de Violonchelo de Liezen (Austria, primeiro premio), na competición Junge Ensembles Musizieren (premio especial) e no Festival de Pietany (Eslovaquia, primeiro premio e premio do público). Foi durante nove anos membro do Erasmus Trio (trío de piano) e máis adiante do Hannover String Quartet. Como membro fundador do Energie Nove String Quartet gravou para a televisión nacional suíza así como varios CD coas obras para cuarteto de Prokofiev, Smetana e Janaček. En colaboración co famoso violinista Vladimir Mendelssohn gravou os dous quintetos de corda de Johannes Brahms. Todas estas gravacións foron moi eloxiadas pola prensa internacional. Vogelsang foi asistente do violonchelo principal na Orchestra della Svizzera Italiana dende 2004, e director artístico do festival Note di Primavera en Ronco sopra Ascona dende 2020. Como membro do PE-Förderungen toca cun violonchelo de Don Nicolo Amati de 1730. Sir Bernhard Haitink: «Felix Vogelsang é un sobresáinte chelista da súa xeración, as súas interpretacións están cheas de fantasía e, aínda así, sempre serven ás ideas do compositor».



## Conventus Lucensis

---

O Conventus Lucensis é un grupo vocal nado dos fecundos encontros artísticos que teñen lugar durante as edicións do Festival Internacional de Órgano e do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. Os seus compoñentes son os mestres e solistas principais do coro lucense Solo Voces, do Orfeón Lucense e do Gruppo Vocale S. Bernardo, agrupación que desenvolve a súa actividade principal entre Saronno (Italia) e Lugano (Suíza). O Conventus Lucensis canta principalmente a partes reais, é dicir, cunha soa persoa para cada parte vocal, abordando un extenso repertorio, cunha predilección particular pola polifonía renacentista.

## Nicolás Varela

---

órgano



Nicolás Varela García (Bermés, 1996) é titulado en Ensinanzas Profesionais de Música nas especialidades de Percusión (Conservatorio Profesional de Música de Lalín, 2014) e Órgano (Conservatorio Profesional de Música de Ourense, 2021), obtendo en ambas Premio de Fin de Grao. Ao longo da súa carreira ten actuado como membro e convidado dunha morea de agrupacións en numerosos escenarios nacionais e europeos (WMC Kerkrade, Jungfrau Music Festival, Festival Rio Loco...), ademais de participado en diversos proxectos discográficos. Na actualidade está a cargo da organistía na igrexa de Santa María La Blanca de Alcorcón e é investigador predoutoral en Historia Económica na Universidad Carlos III de Madrid.

Venres 16 de xuño 2023, 21.00 h

Catedral de Santa María

*Tesouros do Arquivo da Catedral*

**Mateusz Rzewuski (Polonia), órgano**

**Solo Voces (España)**

**Fernando G. Jácome, dirección**

**Robert Lucas Pearsall (1795-1856)**

Ave verum, op. 8  
Coro e órgano

**Robert Lucas Pearsall (1795-1856)**

Tantum ergo  
Coro e órgano

**Johann Gottfried Walther (1684-1748)**

Concerto do Señor Meck en Si menor, LV 133  
Allegro, Adagio, Allegro  
Para órgano

**Claudio Monteverdi (1567-1643)**

Cantate Domino  
Coro a capela

**Heinrich Schütz (1585-1672)**

Selig sind die Toten  
Coro a capela

**Marcial del Adalid (1826-1881)**

Tantum ergo, op. 20 n.º 1  
Coro a capela

**Marcial del Adalid (1826-1881)**

Ave María  
Coro e órgano

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**

Fuga en Sol menor, BWV 578  
Para órgano

**Juan Antonio Moreno Fuentes (1904-1987)**

Omní die  
Coro a capela

**Juan Antonio Moreno Fuentes (1904-1987)**

CruX fidelis  
Coro a capela

**Juan Antonio Moreno Fuentes (1904-1987)**

Tantum ergo sobre o Ave Regina  
Coro e órgano

**Mateusz Rzewuski (1991\*)**

Improvisación: Andante sobre o tema  
Adoro te devote  
Para órgano

**Octavio Vázquez (1972\*)**

Noso Pai  
Coro a capela

**Michael McGlynn (1964\*)**

Media vita  
Coro a capela

**Julio Domínguez (1965\*)**

Tres motetes  
Coro a capela

**Gabriel Pierné (1863-1937)**

Trois Pièces, op. 29  
Prélude, Cantilene, Scherzando de concert  
Para órgano

**Javier Busto (1949\*)**

Ave María  
Coro e órgano

No Barroco, era práctica común arranxar concertos instrumentais para o órgano.

Os arranxos de Johann Sebastian Bach dos concertos de Vivaldi son un exemplo coñecido. A colección de arranxos de Johann Gottfried Walther é unha resposta á demanda de concertos festivos para órgano. Ao comezo do concerto, escoitaremos o arranxo de Walter do concerto de Meck. Esta é unha peza de música para órgano escrita por Johann Sebastian Bach durante os seus anos en Arnstadt (1703-1707). É unha das fugas máis coñecidas de Bach.

Na segunda parte do concerto escoitaremos improvisacións: Andante sobre o tema do himno gregoriano Adoro te devote facendo referencia ao tema do festival. O concerto finalizará cunha obra do compositor francés de principios do século XIX e XX, Gabriel Pierné. Os tres movementos Prélude, Cantilene e Scherzando de concert son xoias individuais da música de órgano do Romanticismo francés.

Os grandes compositores do século XVII foron Claudio Monteverdi (1567-1643) e Heinrich Schütz (1585-1672). Destes autores presentamos sendas obras escritas a seis voces: o «Cantate Domino» do primeiro, publicado en Venecia no Primo Libro de Motetti de 1620 e o «Selig sind die Toten» do segundo, publicado en Dresde no 1648 no Geistliche Chor-Musik, op. 11.

Robert Lucas Pearsall naceu cerca de Bristol no 1795. É recordado principalmente pola súa música vocal, da que presentamos dous exemplos sinxelos publicados na colección Musique d'Église na década dos anos 30 de século XIX. Son obras, «Ave verum» e «Tantum ergo» onde o órgano apoia ao coro dobrando as súas voces. Marcial del Adalid (1826-1881) é un dos máis importantes compositores galegos. Naceu e morreu na Coruña, formouse en Londres e Paris e viviu algúns anos en Madrid. Deste autor presentamos obras pouco coñecidas

como «Tantum ergo, op. 20 - n.º 1», para coro a capela, composto cerca de 1867, e «Ave María», para coro e órgano, da que sabemos que soou en Madrid no 1851.

O legado musical de Juan Antonio Moreno Fuentes (1904-1987) na catedral de Lugo é una constante no programa do Festival de Órgano do Corpus Christi nos últimos anos. Moreno Fuentes foi nomeado mestre de capela da catedral luguesa no 1943, e compuxo numerosas obras de gran altura musical, como «Omní die» ou «CruX fidelis», obras para coro mixto a capela, ou o «Tantum ergo sobre o Ave Regina» para dúas voces graves e órgano.

«Ave María» de Javier Busto (Hondarríbia, 1949) é un clásico no repertorio dos coros en Europa. Foi composta para coro mixto no 1989 e no 1992 o autor engadiulle un acompañamento de órgano. A obra coral de Busto é cantada nos cinco continentes e ten numerosos premios.

O «Noso Pai» de Octavio Vázquez (Santiago de Compostela, 1972) naceu por encargo do sacerdote vilalbés Bernardo García Cendán, e foi estreada por Solo Voces nunha homenaxe póstuma a este sacerdote no seu pobo natal no 2014. Octavio Vázquez é un dos compositores galegos máis notorios do momento e traballa na actualidade na cidade de Nova York.

«Media vita» de Michael McGlynn (n. 1964) é un arranxo para coro mixto con acompañamento opcional de percusión, escrito en 1992 a partir da melodía gregoriana atribuída ao monxe da abadía de St. Gall Nokter Balbulus, activo entre os séculos X e XI.

Un dos compositores máis recorrentes no repertorio dos coros españois é Julio Domínguez (Pontearreas, 1965). O tríptico «Tres motetes» foi composto no 2000 e está integrado por «Laudate Dominum» para tres voces femininas, «Lux fulgevit» para tres voces masculinas e «Gloria Patri» para catro voces mixtas.



# Mateusz Rzewuski

órgano

O organista polaco, Doutor en Artes Musicais, Mateusz Rzewuski é un dos intérpretes máis activos da nova xeración. Realizou estudos en prestixiosas universidades musicais de catro países: en Polonia, os seus estudos de mestrado en interpretación de órgano coa máxima nota e distinción na clase do profesor Andrzej Chorościński na Universidade de Música Fryderyk Chopin de Varsovia; en Alemaña, estudos de mestrado na Musikhochschule in Lübeck, en clase de órgano de Franz Danksagmüller; en Francia: interpretación de órgano e improvisación no Conservatoire à Rayonnement Régional de Paris, no marco dos estudos de concerto de posgrao «La cycle concertiste» na clase de Christophe Mantoux, que completou co Diploma «Concertiste» en 2017; e en Suíza, os estudos de posgrao en música antiga na Schola Cantorum Basiliensis de Basilea, na clase maxistral do mestre Wolfgang Zerer. En 2018, Mateusz Rzewuski recibiu o título de Doutor en Artes Musicais no campo de Interpretación Instrumental na sucursal de Białystok da Universidade Fryderyk Chopin de Música en Varsovia en base á súa tese de doutoramento: «The art of creation of sacre symphonic organ works based on the cycles of Symphonie-Passion op. 23 de Marcel Dupré e L'Ascension de Olivier Messiaen» e o primeiro CD gravado no órgano histórico de Aristide

Cavaillé-Coll en Orleans en Francia. O músico desenvolve unha intensa actividade artística. Ten ofrecido concertos en festivais internacionais de catro continentes: en vinte e dous países europeos, Estados Unidos de América, Australia, Nova Zelandia, Corea do Sur, Hong Kong e Rusia. Participou en numerosas clases maxistras impartidas por Guy Bovet, Piter van Dijk, Hans Fagius, Gerhard Gnann, Olivier Latry, Ludger Lohmann, Christophe Mantoux, Michael Radulescu, Daniel Roth, Wolfgang Zerer e moitos outros. Laureado en varios concursos: en Rumia (2011), Legnica (2013), Bardo (2013 - I. premio e premio especial), Vilnius (2015 - segundo premio e premio especial) e Białystok (2017 - I. premio e o premio especial). Mateusz Rzewuski foi dúas veces axudante do presidente da cidade capital de Varsovia e axudante do reitor da Universidade de Música de Varsovia. Tamén recibiu unha beca do Ministerio de Ciencia e a beca «Młoda Polska» por logros artísticos destacados do Ministerio de Cultura e Patrimonio Nacional, co propósito de cursar estudos de mestrado en Alemaña. En 2013, iniciou o Festival Internacional de Órgano e Música de Cámara en Łuków, en 2019 o Festival Internacional de Órgano e Música de Cámara en Biała Podlaska e os Concertos de Órgano e Música de Cámara en Praga-South en Varsovia, que dirixe artisticamente.

# Grupo Vocal Solo Voces



Foi fundado en Lugo no ano 1992 polo seu actual director, Fernando Gómez Jácome, coa idea de facer repertorio a capela por un lado de arranxos de música moderna e por outro da interpretación da música antiga. Co tempo converteuse nun coro de cámara que lle permitiu acceder a outro tipo de repertorio, especializándose na recuperación da música vocal galega, tanto a capela como colaborando coas principais orquestras galegas: Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Vigo 430, e outras formacións como a Orquestra clásica de Xove ou o Orpheon Consort de Viena e instrumentistas como os organistas Juan de la Rubia, Arturo Barba, Inge Beck, Ulrike Northoff, Gabriele Giacomelli e Giulio Mercati. Tamén ten investigado e realizado en concertos repertorios dos arquivos de música da Catedral de Lugo e do Seminario Diocesano de Lugo, esencialmente de músicos locais como Xoán Montes e Juan Antonio Moreno Fuentes. Ten participado en Festivais de Música como o IX Certame de Música Sacra de Ourense, diversas edicións da Semana de música do Corpus lucense e do Festival de Órgano do Corpus Christi de Lugo, VII Biental de polifonía regional autóctona (Cangas de Onís),

II e VI Ciclo de Música Sacra de São Pedro de Rates (Portugal), Temporada de Música Antiga no Douro en Lamego (Portugal). Tamén destaca a participación no II Festival de música de Compostela e os seus camiños Via Stellae e no Ciclo de música vocal de Espazos Sonoros, que o consolida como unha agrupación de peso no panorama musical galego.

**Fernando Gómez Jácome** iniciouse na música con Xosé Castiñeira á idade de 14 anos. Aínda que a súa formación musical é basicamente autodidacta formouse en dirección coral con mestres nacionais e internacionais como Manel Cabero, Javier Busto, Julio Domínguez, Carl Høgset ou Fernando Eldoro, e en técnica vocal con Antón de Santiago, Montserrat Pueyo, Kevin Smith, entre outros. Ten impartido seminarios, cursos e obradoiros de música coral na Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e para outras institucións. Nos últimos anos forma parte do equipo docente do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. No 1992 fundou o grupo vocal Solo Voces e na actualidade dirixe varias formacións corais na cidade de Lugo.





Organizan:



DIOCESE  
DE LUGO



Lucense  
Eucharisticum  
Centrum